

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 10 de xaneiro de 2022

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día dez de xaneiro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea, e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste o Dna. Iria Lamas Salgueiro, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.31140.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 30 de decembro 2021.

2.31141.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO “PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO 2022”. (EXPTE. 2021056335)

1º.- Segundo o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, se establece no seu artigo 31 que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.

É labor da Deputación de Pontevedra apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos, especialmente ós de menor capacidade económica e de xestión, polos artigos 109.1.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG); 63 da Lei 13/2008, de 3 de



decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG) e 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro.

2º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude pon en marcha esta convocatoria do “*PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2022*”, que ten por obxecto o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento a estas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do persoal profesional de referencia que se regula no artigo 37 do antedito decreto.

Establécese unha contía máxima dispoñible para cada concello da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, reflectido no anexo I das bases.

3º.- Para a cuantificación das achegas establécense dous módulos:

- Módulo de persoal:

Inclúe o financiamento dos gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal que realice as tarefas propias do seu posto nos servizos sociais municipais básicos, con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia, segundo o artigo 37 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Aplicaranse os seguintes módulos económicos:

Categoría profesional	Módulo económico: xornada completa durante 12 meses	Módulo económico: media xornada durante 12 meses
Persoa con titulación superior (licenciatura universitaria, grao ou equivalente)	18.062 €	9.031 €
Persoa con titulación media (diplomatura universitaria ou equivalente)	15.013 €	7.506,50 €
Auxiliar administrativa/o	12.029 €	6.014,50 €

- Módulo de servizo de axuda no fogar (SAF) básico:

Inclúe os gastos derivados da prestación básica do servizo de axuda no fogar adscrito directamente aos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos con menos de 20.000 habitantes, que comprenden os supostos nos que sexan prestados tanto por xestión directa coma, de ser o caso, por xestión indirecta, mediante un contrato ou unha encomenda da xestión.



4º.- As entidades locais poderán solicitar ata as contías máximas dos módulos, respectando o número de profesionais, a xornada e a categoría profesional, entre outras cuestións. No caso de redución da xornada con respecto ao estipulado, aplicarase a diminución da contía que corresponda de xeito proporcional.

Coas achegas reflectidas no anexo I destas bases reguladoras garántese o financiamento do servizo de axuda no fogar prestado en réxime de libre concorrència con respecto aos niveis de referencia de cobertura e de financiamento recollidos no anexo III do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Así mesmo, refórzaselles o financiamento do módulo de persoal, cumprindo cos ratios de persoal establecidos no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, garantindo ademais a continuidade e estabilidade na prestación destes servizos por parte das corporacións locais, de acordo co art.47 do antedito Decreto.

5º.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións realizaraa a xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, de xeito individual, a medida que os concellos presenten as súas solicitudes, e comprenderá as seguintes fases:

- Tras presentar as solicitudes o Servizo de Cohesión Social e Xuventude procederá ao seu estudo e comprobación.
- O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Intervención emitirá un informe de fiscalización de cada expediente e do informe-proposta, dirixido ao órgano competente.

6º.- A contía consignada para esta convocatoria ascende a 2.481.074,98€ € con cargo á aplicación 22/231.2313.462.00 do Orzamento provincial para o ano 2022, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

7º.- Por aplicación do artigo 172 do ROF, non se atopa precepto que precise a emisión de informe por Secretaría respecto do expediente que se refire; xa que a emisión de informes preceptivos por parte da Secretaría procede nos supostos precisados polos artigos. 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local; 54 do RD Lexislativo. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local; 234 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; 173 do RD 2568/1986 (ROF), amén da lexislación sectorial á que a mesma se remite, como poder se a D. Adicional. 3ª. 8 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público. Disposicións non obstante desenvolvidas polo RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional. O expediente, ao implicar gasto, debe someterse a fiscalización previa por parte da Intervención Provincial.



8º.- Con data 29 de decembro de 2022, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación anticipada de este expediente, deixando constancia de que “(...) a aplicación proposta nas bases 22/231.2313.462.00, considérase correcta, e conta con crédito por importe de 2.481.074,98 €, e a aprobación das mesmas quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario (...)”.

Considerando que o órgano competente para a aprobación das bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2022 é a Xunta de Goberno, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2022, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2022.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV) K6CH6IST5882BTXI

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

3.31142.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “DEPOENMARCHA 2022”. (EXPTE. 2021048169)

1º.- De conformidade có establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia. Por outra banda, a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continuarán sendo exercidas por estas.

2º.- No artigo 2 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. Así mesmo, no artigo 63 relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade có previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.



3º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pon en funcionamento o programa “*DEPO EN MARCHA 2022*”, no marco do benestar social e das actividades de lecer e de tempo libre dirixido a entidades de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra.

Este programa, ten un grande arraigo na provincia, desenvolvéndose desde fai mais de 10 anos, participando case 200 asociacións e entidades en cada convocatoria, e permite a participación das persoas beneficiarias a través de distintos obradoiros, englobados nas temáticas que se detallan no catálogo, e que teñen como finalidade favorecer a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e a socialización.

4º.- “*DEPO EN MARCHA 2022*” contempla a celebración de obradoiros nas seguintes áreas temáticas:

- Aprendendo da natureza
- Móvete
- Activando corpo e mente
- Enredando
- Dálle marcha
- En rede

5º.- Poderán participar no programa entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra.
- Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións, recollidas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados
- Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non recollidas nas anteriores.
- Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores.

6º.- Ofértanse un total de 130 cursos. En cada un deles poderán participar entre 20 e 25 persoas como máximo.

Este programa está dirixido principalmente a persoas maiores de 50 anos de idade, polo que, para a súa realización, a entidade solicitante deberá acreditar antes do inicio de cada obradoiro que o 70 % do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición.



Cada Obradoiro terá un custo de sete (7,00) euros por participante, cantidade que deberá ser aboada de conformidade có establecido nasa bases reguladoras do programa, sen que esta cantidade afecte ao cálculo do prezo de licitación.

7º.- Establécese unha contía consignada para este plan no ano 2022, de cento oitenta e seis mil oitocentos cinco con oitenta e seis euros (186.805,86 €), con cargo á aplicación 22/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

8º.- Por aplicación do artigo 172 do ROF, non se atopa precepto que precise a emisión de informe por Secretaría respecto do expediente que se refire; xa que a emisión de informes preceptivos por parte da Secretaría procede nos supostos precisados polos artigos. 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local; 54 do RD Lexislativo. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local; 234 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; 173 do RD 2568/1986 (ROF), amén da lexislación sectorial á que a mesma se remite, como poder se a D. Adicional. 3ª. 8 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público. Disposicións non obstante desenvolvidas polo RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional. O expediente, ao implicar gasto, debe someterse a fiscalización previa por parte da Intervención Provincial.

9º.- Con data 29 de decembro de 2021 Intervención informe favorable sobre a tramitación anticipada do expediente para a aprobación das citadas bases, deixando constancia que *“(...) a aplicación orzamentaria proposta 20/231.2311.227.07 considérase correcta para este fin, non obstante, dado que se trata dunha tramitación anticipada, a aprobación destas Bases quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario (...)”*.

Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras do programa “DEPOENMARCHA” 2022, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras do Programa “DEPOENMARCHA 2022”, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV) AA1UQ89IIAMA12MS

O Catálogo de obradoiros figura asinado dixitalmente có (CSV) BH5PULJ8DQSCJBU5

Pódese verificar a integridade destes documentos no enderezo: <https://sede.depo.gal>



4.31143.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PUBLICITARIOS CON “FARO DE VIGO S.A.U.”, PARA A ANUALIDADE 2022. (EXPTE.2021056594)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 10 de decembro de 2021, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo publicitario con *Faro de Vigo, S.A.U.* para a anualidade 2022, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa *Faro de Vigo, S.A.U.*

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 10 de decembro de 2021, á referida empresa, no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL). *A empresa Faro de Vigo, S.A.U.* presentou a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada, resulta admitida no procedemento.

A oferta presentada pola empresa é a seguinte:

Porcentaxe de desconto ofertada sobre os prezos de licitación (tarifas que se atopan no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares):	0,00%
---	-------

Aplicando a porcentaxe de desconto ofertada, resultan uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: M80DK37FB4NP7SZR).

Unha vez valorada a oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego económico-administrativo, obtén o seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato:		
1.Maior porcentaxe de desconto sobre os prezos de licitación (tarifas que se atopan no ANEXO IV), ata un máximo de 100 puntos		
Empresa	Porcentaxe de desconto ofertado	Puntuación
FARO DE VIGO S.A.U. (A36600815)	0,00 %	0,00 puntos

Á vista da puntuación obtida, requírese á empresa *Faro de Vigo, S.A.U.* para que presente a documentación necesaria para a adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa proposta para a adxudicación está inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 11.260,33 € (carta de pago núm. 202100246037 de data 23/12/2021).



Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar o contrato “*Servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U. para a anualidade 2022*”, á empresa *Faro de Vigo, S.A.U.* (A36600815), polos seguintes prezos e valores ofertados, e conforme ao establecido na súa oferta:

Porcentaxe de desconto aplicable sobre os prezos de licitación (tarifas que se atopan no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares):	0,00%
--	-------

Aplicando a porcentaxe de desconto ofertada, resultan uns prezos unitarios coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV:M80DK37FB4NP7SZR).

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poda superar o seguintes importes:

Importe máximo sen IVE	225.206,61 €
IVE (21%)	47.293,39 €
Importe máximo con IVE	272.500€

O prazo máximo de duración do contrato será desde a data que figure no documento de formalización do contrato, ata o día 31 de decembro de 2022.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato a Rebeca Domínguez Pérez, xefa do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 do orzamento provincial do ano 2022, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na referida aplicación orzamentaria.



Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021056594	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

5.31144.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PUBLICITARIOS CON “RADIO PONTEVEDRA, S.A.”, PARA A ANUALIDADE 2022. (EXPTE.2021056598)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 10 de decembro de 2021, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, dos servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A. para a anualidade 2022, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa *Radio Pontevedra, S.A.* No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 10 de decembro de 2021, á referida empresa, no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL). A empresa *Radio Pontevedra, S.A.* presentou a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada, resulta admitida no procedemento.



A oferta presentada pola empresa é a seguinte:

Porcentaxe de desconto ofertada sobre os prezos de licitación (tarifas que se atopan no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares):	0,00%
---	-------

Aplicando a porcentaxe de desconto ofertada, resultan uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: E2QTRUYWH5Q6P2O7).

Unha vez valorada a oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego económico-administrativo, obtén o seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato:		
1. Maior porcentaxe de desconto sobre os prezos de licitación (tarifas que se atopan no ANEXO IV), ata un máximo de 100 puntos		
Empresa	Porcentaxe de desconto ofertado	Puntuación
Radio Pontevedra, S.A. (CIF A36005346)	0,00 %	0,00 puntos

Á vista da puntuación obtida, requírese á empresa *Radio Pontevedra, S.A.* para que presente a documentación necesaria para a adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa proposta para a adxudicación presentou a documentación requirida a través do Rexistro electrónico da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e na Resolución Presidencial do requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.165,29 € (carta de pago núm. 202100246170, do 24/12/2021).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato “*Servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A. para a anualidade 2022*”, á empresa *Radio Pontevedra, S.A.* (CIF A36005346), polos seguintes prezos e valores ofertados, e conforme ao establecido na súa oferta:

Porcentaxe de desconto aplicable sobre os prezos de licitación (tarifas que se atopan no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares):	0,00%
--	-------



Aplicando a porcentaxe de desconto ofertada, resultan uns prezos unitarios coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV:E2QTRUYWH5Q6P2O7).

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poda superar o seguintes importes:

Importe máximo sen IVE	103.305,79 €
IVE (21%)	21.694,21 €
Importe máximo con IVE	125.000,00 €

O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2022. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederá cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 do orzamento provincial do ano 2022, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na referida aplicación orzamentaria.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.: 2021056598
Órgano xestor: LA006130	Unidade tramitadora: LA0006135	Oficina contable: LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

6.31145.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PUBLICITARIOS CON “RADIO VIGO S.A.U.”, PARA A ANUALIDADE 2022. (EXPTE.2021057003)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 10 de decembro de 2021, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizos publicitarios con *Radio Vigo, S.A.U.* para a anualidade 2022, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa *Radio Vigo, S.A.U.*

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 10 de decembro de 2021, á referida empresa, no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL). A empresa *Radio Vigo, S.A.U.* presentou a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada, resulta admitida no procedemento.

A oferta presentada pola empresa é a seguinte:

Porcentaxe de desconto ofertada sobre os prezos de licitación (tarifas que se atopan no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares):	0,00%
---	-------



Aplicando a porcentaxe de desconto ofertada, resultan uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares. Unha vez valorada a oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego económico-administrativo, obtén o seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato:		
1. Maior porcentaxe de desconto sobre os prezos de licitación (tarifas que se atopan no ANEXO IV), ata un máximo de 100 puntos		
Empresa	Porcentaxe de desconto ofertado	Puntuación
Radio Vigo, S.A.U. (CIF A-36.612.414)	0,00 %	0,00 puntos

Á vista da puntuación obtida, requírese á empresa *Radio Vigo, S.A.U.* para que presente a documentación necesaria para a adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa proposta para a adxudicación presentou a documentación requirida a través da Sede Electrónica da Deputación provincial de Pontevedra, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e na Resolución Presidencial do requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.165,29 € (carta de pago núm. 202100246048, do 27/12/2021).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato “*Servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A.U. para a anualidade 2022*”, á empresa *Radio Vigo, S.A.U.* (CIF A-36.612.414), polos seguintes prezos e valores ofertados, e conforme ao establecido na súa oferta:

Porcentaxe de desconto aplicable sobre os prezos de licitación (tarifas que se atopan no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares):	0,00%
--	-------

Aplicando a porcentaxe de desconto ofertada, resultan uns prezos unitarios coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV:YO7UR5LLPYTXM1DD)



A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poda superar os seguintes importes:

Importe máximo sen IVE	103.305,79 €
IVE (21%)	21.694,21 €
Importe máximo con IVE	125.000,00 €

O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2022. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo no prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte á notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 do orzamento provincial do ano 2022, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na referida aplicación orzamentaria.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.: 2021057003	
Órgano xestor: LA006130	Unidade tramitadora: LA0006135	Oficina contable: LA0006135	

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

7.31146.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PUBLICITARIOS CON “LÉREZ EDICIONES S.L.”, PARA A ANUALIDADE 2022 (EXPTE.2021055627)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 10 de decembro de 2021, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo publicitario con *Lérez Ediciones, S.L.* para a anualidade 2022, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa *Lérez Ediciones, S.L.* No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 10 de decembro de 2021, á referida empresa, no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL). A empresa *Lérez Ediciones, S.L.* presentou a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada, resulta admitida no procedemento.

A oferta presentada pola empresa é a seguinte:

Porcentaxe de desconto ofertada sobre os prezos de licitación (tarifas que se atopan no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares):	0,00%
---	-------

Aplicando a porcentaxe de desconto ofertada, resultan uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares. Unha vez valorada a oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego económico-administrativo, obtén o seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato:		
1. Maior porcentaxe de desconto sobre os prezos de licitación (tarifas que se atopan no ANEXO IV), ata un máximo de 100 puntos		
Empresa	Porcentaxe de desconto ofertado	Puntuación
LÉREZ EDICIONES, S.L. (CIF B36003549)	0,00 %	0,00 puntos



Á vista da puntuación obtida, requírese á empresa *Lérez Ediciones, S.L.* para que presente a documentación necesaria para a adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa proposta para a adxudicación presentou a documentación requirida a través da Sede Electrónica da Deputación provincial de Pontevedra, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e na Resolución Presidencial do requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 6.611,57 € (carta de pago núm. 202100248384 do 29/12/2021).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato “*Servizos publicitarios con Lérez Ediciones, S.L. para a anualidade 2022*”, á empresa *Lérez Ediciones, S.L.* (CIF B36003549), polos seguintes prezos e valores ofertados, e conforme ao establecido na súa oferta:

Porcentaxe de desconto aplicable sobre os prezos de licitación (tarifas que se atopan no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares):	0,00%
--	-------

Aplicando a porcentaxe de desconto ofertada, resultan uns prezos unitarios coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV:88GS1HWKY9Q5HYU3)

Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poda superar os seguintes importes:

Importe máximo sen IVE	132.231,41 €
IVE (21%)	27.768,59 €
Importe máximo con IVE	160.000,00 €



O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2022. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo no prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte á notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 do orzamento provincial do ano 2022, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na referida aplicación orzamentaria.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.: 2021055627
Órgano xestor: LA006130	Unidade tramitadora: LA0006135	Oficina contable: LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



8.31147.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “REPOSICIÓN DE FIRME NA E.P. 6106 MACEIRAS-ALVARELLOS, DO P.Q. 0+000 Ó P.Q. 4+810 (CONCELLO DE DOZÓN)” (EXPTE.2021034032)

Resultando.- Que en xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o seu novo Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Resultando.- Que esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia. Cumprindo co novo Decálogo de Criterios, e co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído, a Deputación de Pontevedra está concienciada na necesidade de aumentar a seguridade viaria e peonil en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que logo da inspección realizada por persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que é necesario levar a cabo unha mellora da seguridade viaria na estrada EP-6106 Maceiras-Alvarelos, do p.q. 0+000 ó p.q. 4+810, debido ao mal estado do firme nestes puntos quilométricos.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recíbese no Servizo de Contratación informe do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Reposición de firme na E.P. 6106 Maceiras-Alvarelos, do P.Q. 0+000 ó P.Q. 4+810 (Concello de Dozón)”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redáctase polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Paredes Rodríguez o proxecto da obra “Reposición de firme na E.P. 6106 Maceiras-Alvarelos, do P.Q. 0+000 ó P.Q. 4+810 (Concello de Dozón)”, cun orzamento base de licitación de 368.314,55 € IVE incluído.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 202100128582, por importe de 368.314,55 € con cargo á aplicación orzamentaria 21/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial, quedando acreditado polo tanto, a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2021 acordou aprobar o proxecto para a execución da obra “*Reposición de firme na E.P. 6106 Maceiras-Alvarellos, do P.Q. 0+000 ó P.Q. 4+810 (Concello de Dozón)*” redactado por D. César Paredes Rodríguez, que ten un orzamento base de licitación de 368.314,55 € IVE incluído. O proxecto aprobado ten asignado o código (CSV):9OJBOKK7LX9TZQJZ.

Resultando.- Que mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 01/10/2021 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Reposición de firme na E.P. 6106 Maceiras-Alvarellos, do P.Q. 0+000 ó P.Q. 4+810 (Concello de Dozón)*”, cun orzamento base de licitación de 368.314,55 €

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de outubro de 2021. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que analizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión do día 04/11/2021, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Reposición de firme na E.P. 6106 Maceiras-Alvarellos, do P.Q. 0+000 ó P.Q. 4+810 (Concello de Dozón)*”

As empresas admitidas foron as seguintes:

- FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.
- CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.

Resultando.- Que a Mesa acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que con data 11/11/2021 o Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, emitiu informe de valoración dos criterios de avaliación mediante xuízos de valor, das ofertas presentadas polas empresas que participan neste procedemento, obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN ACTUACIONES MEDIAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRES "A"
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.	22,00	3,00	25,00
NAROM, S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	18,00	3,00	21,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	2,00	20,00
HORDESCON, S.L.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	18,00	2,00	20,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 18/11/2021 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 11/11/2021, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación desta obra.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliada mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asignable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE "B"				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	Une-en iso 9001	Une-en iso 14001
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	257.629,75 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.	275.109,66 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	280.345,21 €	3%	36 MESES	SI	SI



CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	272.887,60 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	272.583,21 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	287.224,47 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	273.648,58 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, *FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.*, de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que requirida *FRANCISCO GOMEZ Y CIA* para que xustificara a oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato, esta atendeu ó requirimento en prazo, emitindo informe o xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas ó efecto recollendo que a empresa *FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.* NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que en virtude das condicións establecidas no PCAP, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 16/12/2021 procedeu á valoración das ofertas económicas, das empresas que foron admitidas neste procedemento, sendo estas as seguintes:

LICITADORES	Sobre "B"				Puntuación sobre "b"
	Valoración económica	Prazo de garantía	Control calidade	une/en 9001/14001	
CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.	30,03	5,00	5,00	5,00	45,03
NAROM, S.L.	24,58	5,00	5,00	5,00	39,58
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	32,40	5,00	5,00	5,00	47,40
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	32,73	5,00	5,00	5,00	47,73
HORDESCON, S.L.	17,55	5,00	5,00	5,00	32,55
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	31,59	5,00	5,00	5,00	46,59



Resultando.- Que de conformidade coas puntuacións obtidas a Mesa de Contratación na súa reunión de data 16/12/2021 acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Reposición de firme na E.P. 6106 Maceiras-Alvarellos, do P.Q. 0+000 ó P.Q. 4+810 (Concello de Dozón)*”, quedando da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación Sobres "a"	Puntuación Sobres "b"	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.	25,00	45,03	70,03
2	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	21,00	47,40	68,40
3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	47,73	67,73
4	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	20,00	46,59	66,59
5	NAROM, S.L.	20,00	39,58	59,58
6	HORDESCON, S.L.	18,00	32,55	50,55

Resultando.- Que de acordo coa clasificación aprobada, a Mesa de Contratación na mesma reunión acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Reposición de firme na E.P. 6106 Maceiras-Alvarellos, do P.Q. 0+000 ó P.Q. 4+810 (Concello de Dozón)*” á empresa CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. (CIF B36052702).

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa *CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.* figura inscrita no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citado rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar

Resultando.- Que requirida *CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.*, para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma constituíndo na Tesourería da Deputación garantía definitiva por importe de 13.755,48 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 22/12/2021 e número de operación 202100243372



Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...*Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...*”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa *FRANCISCO GOMEZ Y CÍA, S.L.*, pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa *CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.* (CIF B36052702), o contrato de execución da obra “*Reposición de firme na E.P. 6106 Maceiras-Alvarelos, do P.Q. 0+000 ó P.Q. 4+810 (Concello de Dozón)*”, por importe de 332.882,69 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	275.109,66 €
IVE (21%)	57.773,03 €
Importe Total	332.882,69 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.

O prazo de execución será de catro (4) meses, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.



O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 21/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 20210340032.

9.31148.- DECLARARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA UNITARIA DA ENTIDADE LOCAL DE VILASOBROSO, RECOLLIDA NAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTENIBLE I”, QUE CONTA CON COFINANCIAMENTO DO 80 % DO FEDER A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO IDAE”. (EXPTE.2021040416)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra leva máis de quince anos xestionando proxectos e programas cofinanciados con fondos europeos, polo que posúe unha ampla experiencia relacionada coa execución e a xestión destes proxectos. Non obstante, na medida en que a Unión Europea pretende mellorar ano tras ano os resultados dos proxectos, tamén se van facendo máis complexas as esixencias de cada programa, a especialidade de cada convocatoria e as circunstancias propias da implementación dos proxectos.

Resultando.- Que lle corresponde ao Servizo de Cooperación a coordinación, redacción e presentación de proxectos europeos ás convocatorias, así como o seguimento do estado da proposta efectuada pola Deputación ata a súa resolución. Unha vez comunicada, en caso de ser concedida a subvención, derivarase a xestión do proxecto ao servizo correspondente segundo o seu obxectivo temático.



Resultando.- Que neste marco competencial a Deputación aprobou a presentación dunha solicitude de axuda, proposta pola E.L.M. de Vilasobroso, co título “*REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA DA E.L.M. DE VILASOBROSO - ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I*” no marco da “Medida 1. Rehabilitación enerxética da envolvente térmica dos edificios municipais existentes”, no eido da economía baixa en carbono, ao abeiro da convocatoria do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (actualmente denominado Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico), a través do IDAE.

Resultando.- Que mediante a resolución do director xeral do IDAE, de data 08/02/2021, concedeuse unha axuda para este proxecto por importe de 302.647,41€, asignándoselle o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004126.

Resultando.- Que na data 30/03/2021 asinouse o convenio de colaboración entre a Deputación e a E.L.M. de Vilasobroso que recollía as obrigas de cofinanciamento e a execución das actuacións pola Deputación.

Resultando.- Que mediante a Resolución Presidencial número RP2021004640 aprobouse o proxecto básico e de execución que integra a execución da obra rehabilitación enerxética da escola da Entidade Local Menor de Vilasobroso, dentro do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004126 “*Envolvente Térmica Sostible I*” que conta co financiamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas a entidades locais para proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, cun orzamento base de licitación de 369.735,90 € IVE incluído. O proxecto aprobado ten asinado un código (CSV): F1NCV4K6XJX4DD4N.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe da xefa do Servizo de Cooperación coa conformidade da Deputada Delegada desa área, solicitando que se inicien os trámites para a contratación da obra “*Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolvente térmica sostenible I”*”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202100146261 por importe de 256.243,64 € con cargo á aplicación orzamentaria 21/942.1700.652.15 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/11/2021 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *“rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolvente térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE”*, cun orzamento base de licitación de 369.735,90 € IVE incluído.

Resultando.- Que o anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación (Plataforma de Contratación do Sector Público na data 29/11/2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado abreviado.

Resultando.- Que finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión de data 23/12/2021 pretendía proceder á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *“Rehabilitación enerxética da escola unitaria da Entidade Local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolvente térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE”*, comprobando que non se presentou oferta algunha, e polo tanto propón ó órgano de contratación que se declare este procedemento deserto.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, onde figura que lle compete á Xunta de Goberno a disposición e autorización dos gastos precisos para a contratación de obras que sendo competencia da Presidencia, superen o importe de dous centos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *“rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolvente térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE”*

10.31149.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA REGALA MÚSICA,S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “PROXECTO DE EMPODERAMENTO DAS NENAS E MULLERES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ÁMBITO MUSICAL -DESCUBRE-AS-” (EXpte. 2020028112 - DEVOGARAN 2021024907)

Por Resolución Presidencial de data 25 de novembro de 2020 (CSV.- OV2A2CXY85ZCCVWF), adxudicouse o contrato relativo a *“Proxecto de empoderamento das nenas e mulleres da Provincia de Pontevedra no ámbito musical -DESCUBRE-AS-”* (Núm. Exp. 2020028112).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *REGALA MÚSICA, S.L.* (CIF.- B-27836923), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.650,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000205741 de data 19/11/2020.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Igualdade no cal establece que procede a devolución da citada garantía ao cumprir dita empresa satisfactoriamente co obxecto de dito contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *REGALA MÚSICA, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”*.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Proxecto de empoderamento das nenas de mulleres da Provincia de Pontevedra no ámbito musical -DESCUBRE-AS*” (Expte. Núm. 2020028112), sen que existan obrigas pendentes.
- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 1.650,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 19/11/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000205741.

11.31150.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA DEPURADORES BARRO - UTE, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “POSTA EN SERVIZO DAS INSTALACIÓNS E EQUIPOS NECESARIOS DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR) E EXPLOTACIÓN, MENTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE DO POLÍGONO INDUSTRIAL BARRO-MEIS” (EXPTE. 2019037714 - DEVOGARAN 2021059120)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 25 de novembro de 2020 (CSV.- YH17197XILKBZY66), adxudicouse o contrato relativo a “*Posta en servizo das instalacións e equipos necesarios da estación depuradora de augas residuais e explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro)*” (Núm. Exp.2019037714).

Para responder da realización deste servizo, a entidade mercantil *DEPURADORES BARRO UTE* (CIF.- U-70600234), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 6.871,50€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900225975 de data 10/12/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal establece que procede a devolución da citada garantía ao cumprir dita empresa satisfactoriamente co obxecto de dito contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade *DEPURADORES BARRO UTE*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Posta en servizo das instalacións e equipos necesarios da estación depuradora de augas residuais e explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro)*” (Expte. Núm. 2019037714), sen que existan obrigas pendentes.
- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CAIXABANK, por importe de 6.871,50 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/12/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900225975.

12.31151.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I: REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE VILASOBROSO” (EXPTE.2020016410)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da Resolución favorable de concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I: Rehabilitación enerxética da escola da Entidade Local Menor de Vilasobroso”, e co obxecto de solicitar a modificación da axuda concedida mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2021003341 e data 08/02/2021 a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- *Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.*



- Mediante Resolución Presidencial número RP2020002994 e data 08/04/2020, modificada pola Resolución Presidencial número RP2020000646 de fecha 19/05/2020, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas baixo o proxecto denominado “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I”, no marco da Medida 1. “Rehabilitación enerxética da envolvente térmica dos edificios e dependencias existentes” definida no anexo I do Real Decreto 316/2019, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.
- O 08/04/2020 preséntase ante o IDAE o citado proxecto “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I”, asignándosele o rexistro núm. 202000003958. Tras a súa avaliación, o 08/02/2021 (rexistro de entrada número: 2021003341) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 302.647,41 euros, asignándosele el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004126.
- O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica, coa finalidade de reducir a demanda enerxética de calefacción e, por tanto, o seu consumo enerxético e emisións de dióxido de carbono, mediante a reforma dos seus cerramentos a través de actuacións sobre fachadas, cuberta, chans e carpinterías exteriores no edificio da escola da Entidade Menor Local de Villasobroso do municipio de Mondariz, na provincia de Pontevedra. Con esta actuación conseguírase un aforro estimado non consumo do edificio do 50%.
- Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:

Importe da axuda concedida

Conceder a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 302.647,41 €

Custe elixible admitido para o proxecto

O custe elixible admitido é o seguinte:

ENTIDADE	INVESTIMENTO ELIXIBLE ADMITIDO	CUSTE ELIXIBLE MÁX. ADMITIDO	AXUDA A OUTORGAR (cofinanciamento FEDER)
ELM Vilasobroso	401.558,91 €	378.309,27 €	302.647,41 €
CONTÁ MÁXIMA TOTAL DA AXUDA CONCEDIDA			302.647,41 €

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.



Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato. O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirregional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

- Neste sentido e conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRFL, a Intervención da Deputación de Pontevedra o 18/02/2021 emitiu informe favorable previo á aceptación da axuda concedida, indicando que “corresponde á Xunta de Goberno, en aplicación da base número 16 das aprobadas para a execución do vixente orzamento.
- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo número 12.29987 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004126 “Rehabilitación enerxética da escola da Entidade Local Menor de Vilasobroso - Envolve Tèrmica Sostible I” e a concesión de axuda comprometida pola Deputación ao seu abeiro á Entidade Local Menor de Vilasobroso (expte. 2020016410).
- O 19/07/2021 presentouse a través da plataforma web do IDAE a documentación acreditativa do inicio de tramitación dos contratos necesarios para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I.
- Posteriormente a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de novembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 26.31029 de aprobación de expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da Entidade Local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolve Tèrmica Sostible I”, que conta con cofinanciamento do 80% do FEDER A través da convocatoria de axudas do IDAE. (Expte. 2021040416)”.
- O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación (Plataforma de Contratación do Sector Público na data 29/11/2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado abreviado.
- Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión de data 23/12/2021 pretendía proceder á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da Entidade Local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolve térmica sostible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE”, comprobando que non se presentou oferta algunha, e polo tanto propón ó órgano de contratación que se declare este procedemento deserto.



- *A pesar de iniciarse o procedemento de contratación preciso para a execución das actuacións obxecto de axuda dentro do prazo de (6) meses, a data de hoxe a súa formalización acumula incidencias que non permitiron a súa finalización debido, entre outras causas, a que o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Rehabilitación enerxética da escola unitaria da Entidade Local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 quedou deserto.*
- *Ante esta circunstancia imprevista, co fin de garantir o deber do beneficiario de acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (1) un ano, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (6) seis meses adicionais; sendo deste xeito o 08/08/2022 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da formalización dos contratos relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-004126.*

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017)*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

Competencia:

- *O artigo 13.8. b do Real Decreto 616/2017 que establece que nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario debe acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.*



- De conformidade co previsto o artigo 14 do Real Decreto 616/2017, as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS. A modificación da resolución haberá de ser solicitada polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a realización da actuación subvencionable e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao Director Xeral do IDAE, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada. No caso de estimarse a modificación solicitada, a resolución conterá o contido mínimo establecido no artigo 13.5, resultando aplicables, igualmente, as previsións contidas respecto á aceptación do beneficiario no apartado 7 do mesmo precepto.
- De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.
- Segundo o artigo 34.1. f da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLGS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación lle compete a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en todos os concellos a iluminación pública.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

Resolución do expediente

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 14 do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS.*

III.- CONCLUSIONES:

O proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I: REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE VILASOBROSO” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación co fin de mellorar da eficiencia enerxética da envolvente térmica, coa finalidade de reducir a demanda enerxética de calefacción e, por tanto, o seu consumo enerxético e emisións de dióxido de carbono, mediante a reforma dos seus cerramentos a través de actuacións sobre fachadas, cuberta, chans e carpinterías exteriores no edificio da escola da Entidade Menor Local de Villasobroso do municipio de Mondariz, na provincia de Pontevedra. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do edificio do 50%.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de novembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 26.31029 de aprobación de expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da Entidade Local de Villasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolvente Térmica Sostible I”. Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión de data 23/12/2021 comprobou que non se presentou oferta algunha, e polo tanto propón ó órgano de contratación que se declare este procedemento deserto.



Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución do citado proxecto é necesario a ampliación do prazo máximo de (1) un ano desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda, na que o beneficiario debe acreditar a formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda regulado no artigo 13.8.b del Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, en (6) seis meses adicionais; sendo de este modo a data máxima para acreditar a formalización o 08/08/2022.

Esta ampliación de (6) meses solo afecta ao trámite de xustificación da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións do citado expediente, manténdose invariable o prazo máximo para a conclusión das actuacións que será o 31/07/2023.

En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización de ambos prazos máximos, tanto do prazo para acreditar a formalización dos contratos como do prazo máximo establecido para a execución das actuacións recollidas no proxecto.

Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para acreditar a formalización dos contratos para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I” non constitúe un prexuízo a terceiros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I: REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE VILASOBROSO”.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.
A xefa do servizo de Cooperación*

*(documento asinado electronicamente á marxe)
Marina Piñeiro Novo”.*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do 30/12/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a modificación do prazo máximo de (1) un ano, desde a notificación da resolución de concesión da axuda, para acreditar que se formalizaron as contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda ao proxecto denominado IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I: REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE VILASOBROSO”, cuxo vencemento é 08/02/2022, en (6) seis meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 08/08/2022.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.

13.31152.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

14.31153.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

